

Ana Miranda
urxe a
solucionar os
problemas co
voto exterior



Páxina 7

Lidia Senra
reclama a
renda básica
universal a
nivel europeo



Páxina 7

Gonzalo
Caballero
advirte "dos
riscos" dos
pactos do PP



Páxina 10

Villar di que o
PXOM de
Ponteareas non
ten que ver co
aprobado



Páxina 12

Acip pide un
debate con
todos os
candidatos en
Ponteareas



Páxina 13



Entrevistas aos candidatos do BNG en Santiago Goretti Sanmartín, de Agrelar en Arbo Xavier Simón, do PSOE en Mondariz José Luís Fernández e do PSOE en Ponteareas Chus Garrote

Especial Eleccións 26M municipais e europeas



"CxG é a única
forza galega con
opcións reais de
estar en Europa.
Pensa o teu voto"

Piñeiro Docampo,
Candidato ao Parlamento Europeo



Editorial

Por: **Guillermo Rodríguez**

Director



Que prezo lle poñemos ao noso voto?

O vindeiro día 26/M voltan a solicitar a nosa presenza nas urnas para que demos a nosa confianza ás propostas, un milleiro delas, que as diferentes forzas políticas están ofrecéndonos todo este tempo de campaña electoral. Isto non é unha novidade

A dinámica é sempre a mesma: os partidos dinnos que son os mellores, cada cal á súa maneira, claro, e nós imos alí, ía dicir coma ovelliñas, collemos a papeleta ou xa a levamos na man e metémola polo burato da urna.

Hoxe apetéce-me asulárgame en áreas movedizas e contarlles unha anécdota que vai dar pé a unha miña teoría. Eran os anos cincuenta do século pasado. Eu era un rapazolo duns 17 ou 18 anos, máis ou menos que estudaba no Colexio Santiago Apóstol.

Por natureza e por ambiente familiar, quizais, eu era, si go sendo, unha persoa moi curiosa. Daquela chamábanme "listillo", méteme en todo, pero non como un piropo, precisamente.

Un día calquera entrei no comercio mixto que chamaban A Tercena. Fuchicando e remexendo naqueles estantes, non precisamente ordenados, atopeime cun libro curioso, raro, para aqueles anos, claro: "El capital" de Marx. Libro que de ser descuberto polos esbirros de Franco causaríalle un serio problema ao dono da tenda (aínda que entendo era adicto ao Réxime).

Da lectura daquel, libro eu adentreime en terreos prohibidos nos centros de ensino e nas familias, agás as que xa s tiñan enfrontado co Dictador. Alí puíden saber a que se lle chamaba "loitas de clase"; alí descubrín un novo mundo de explotadores e explotados.

Dende aquela meta de saída fun recorrendo o meu particular marathon ata hoxe. Claro que nas aulas onde estudiaba ninguén citaba a Marx. Era pecado grave con penitencias aínda máis graves. Ese foi, é o problema.

Marx fala dos abusos do capital, do desigual reparto dos beneficios. A empresa seguía disposta a facerse co

contro dos medios de produción; así ata hoxe. Marx profetizou que "o capitalismo tiña na súa propia carne o virus da súa destrución". Obviamente iso non aconteceu. Marx esqueceu que os ricos xa tiñan pensado ser os donos dos laboratorios onde fabricarían o antídoto para aquela desgraza que o filósofo lles aventuraba.

Dende aquelas primeiras incursións miñas nestes temas ata este momento sempre pensei o mesmo. Hoxe diante dun día de votación acoden a miña

nos petos dos poderosos; deses que denunciaba Marx no século pasado e que siguen sendo donos de vidas e facendas, coma os reis da historia.

Porque o día 26 imos votar. Podemos elixir entre un montón de siglas, pero en que se diferencian?

Xa nos avisan de que como demos o noso voto a esas opcións políticas que lle queren meter o dente aos seus abusivos soldos e beneficios que se reparten, as cousas vanse poñer mal. Pregunta: saben os votantes de que

se está a falar cando se fala nestes termos? Saben se é verdade que os ricos, a banca, os grandes grupos económicos pagan, en proporcións aos ingresos, moito menos do que lle descotan a eles na declaración da renda ou nos seus pequenos negocios?

Cando se fala dunha subida de ingresos para pensións, para bolsas escolares, para hospitais, para dependencia, etc. sempre salta coma unha cobra que lle pisan o rabo "e de onde se van

sacar eses cartos a máis? Non é posible porque senón terían que aumentar os impostos". Cochina mentira. Hoxe, aínda que sabemos pouco, xa sabemos que existe unha bolsa de cartos incontrolados polos poderes públicos que é máis que suficiente para todo ese aumento de gasto. Existe unha asociación de traballadores da facenda (non me lembro o nome) que teñen declarado publicamente a existencia de máis de 100.000 millóns de euros que non pasan pola Facenda. Por que? Porque ata estes momentos tivemos a mala sorte de non contar con gobernos capaces de perderlle o medo aos banqueiros, aos donos das eléctricas, que nos asan co aumento dos recibos da luz, aos grandes empresarios que contan os beneficios en miles de millóns de euros e lles racanean aos empregados un 2 ou 3% de aumento. Que dicir dos futbolistas? Só unha sociedade enferma pode permitir que un home (de momento as mulleres aínda non están na lista) poida cobrar diariamente máis do que unha familia de tres ou catro

membros cobraría durante toda a súa vida. Por que se permite? Ah! É que estamos nunha sociedade de libre mercado. Mellor debemos dicir que estamos nunha sociedade na que manda o mercado. Así entendemos o asunto. Pero, non di a constitución que os poderes públicos, ou sexa os poderes do Estado, ou sexa o Goberno de turno, deben preocuparse do reparto equitativo dos recursos públicos da sociedade, de tal maneira que ninguén poida vivir miserabilmente mentras outros nadan na abundancia. Xa nos deixou dito Amarty Sen: "O papel dos mercados non depende só do que poidan facer, senón tamén do que se lle permita que fagan".

Foi Rousseau que dixo "a verdadeira igualdade radica en que ningún cidadán sexa tan rico que poida comprar a outro cidadán, nin que sexa tan pobre que se vexa na obriga de venderse".

Todo isto se fora explicado nos centros de ensino nos últimos 50 anos outro galo cantaríase nos nosos soutos. Serían hoxe millóns de homes e mulleres aos/as que non se lles podería enganar con facilidade. Saberían como funciona a economía dun País, saberían como se diferencian os gastos e os beneficios, saberían quen se leva a maior parte da torta e por que ninguén se atreve a enfrontarse como dragón.

Esas deberían ser as fornadas que o día 26 se presentaran diante das urnas. Cos resultados na man calquera gobernante sensato podería dar alegría a tantos desarrapados, a tantos desafiuzados, a tanto homes e mulleres exlotados por un prato de lentellas.

Non vai ser así; sen embargo eu teño a esperanza de que sexan moitos os que voten por eles mesmos, non contra ninguén, que escoiten quen fala de mellorar a vida dos máis necesitados, a quen di estar disposto a enfrontarse cos ricos. Eses serán os que poidan darnos un chisco de alegría. Os outros, xa sabemos en que pratos veñen comendo durante a historia do mundo. Son os mesmos: antes nobres, logo aristócratas, agora ricos empresarios, terratenentes, que levan séculos vivindo da suor dos traballadores que Marx falaba xa nos albores do século XX.

Voten con V o día 26 para que o día 27 poidan Botar con B. de alegría. Sexan felices.

PEPE CARREIRO



Jose Luis Fernández Piñeiro, Candidato polo PSOE á alcaldía de Mondariz

“Estamos en posición de asumir o reto sos, ou en compañía de outros que entendan que o futuro de Mondariz é o primeiro.”

Empresario mineiro dende 1986, membro da dirección da Cámara Mineira de Galicia.. Afiliado ao PSDG-PSOE dende 2003, secretario da agrupación local de Salvaterra, participei no seu Comité Nacional, formo parte da Comisión de listas e da Comisión económica. Son membro da corrente Esquerda socialista. Participei no apoio a candidatura de Pedro Sánchez e Gonzalo Caballero a secretaría do partido en España e Galicia.

De Salvaterra a Mondariz. Por qué este salto xeográfico na súa experiencia política?

En Salvaterra, onde nacín, o meu traballo político ten rematado, despois de termos renovado o partido e polo en posición de alcanzar claramente a alcaldía. Estou manifestamente orgulloso das miñas compañeiras e compañeiros de Salvaterra por termos colocado o partido como a forza política mais importante en Salvaterra.

En Mondariz, onde vivo e teño a miña familia, os compañeiros do partido fixéronme o honor de proporme como candidato a alcaldía por unanimidade. Con este apoio inicial, asumo con una renovada ilusión liderar o novo proxecto político: por a Mondariz no mapa.

Os socialistas en Mondariz non pasan, precisamente, polo seu mellor momento

político. Que entende vde. pode aportar ao Partido para que os veciños confíen na súa oferta?

Pregunta sorprende, vindo o PSDG-PSOE de ser o partido mais votado en Mondariz, e sendo o líder do voto da esquerda, mal que lle pese a dereita e a certa esquerda nacionalista. Circunstancia insólita dende 1978, que parece non ser a noticia.

O socialista de Mondariz, veñen de confiar en mín, repito, por unanimidade. Considero que tiveron en conta a miña traxectoria política no partido, traxectoria que coñecen de primeira man, por ter compartido, a nivel comarcal, moi importantes momentos políticos. Saben da miña experiencia na administración local e da condición de directivo empresarial.

En definitiva, creo aportar aos nosos veciños: claridade

política, experiencia municipal e xestión económica. **Díganos cales serían os cinco proxectos que vde. considera prioritarios para poñer en marcha en Mondariz?**

A mellora dos Servizos sociais, o novo PXOUM, a rede de sumidoiros completa, integranos na Área metropolitana e as melloras en Infravivenda Rural.

Estes son o principais. A confianza en manter o goberno de España, conservar a Deputación e alcanzar a Xunta, posibilitaran ampliar proxectos apoiados por estas administracións amigas: novas comunicacións viarias, servizos médicos, apios as actividades económicas,...

En Mondariz non é previsible a existencia de opcións políticas maioritarias, logo farase preciso chegar a acordos entre forzas de espectros políticos semellan-



tes ou, polo menos, que estean próximos politicamente. Con quen estaría disposto a facer pactos chegado ese momento?

Temos dito na nosa presentación que non iamos a ser criados de ninguén, a vista de experiencias pasadas e recentes.

Xa demostramos en 2015, cando os veciños pediron cambio, que nos puxemos a nosa parte neses cambio. Outros, sempre tan orgullosos das cousas da súa terra, non.

Infelizmente, non se apro-

veitou a ocasión; alguén tomou a decisión, equivocada, de gobernar en minoría. Os resultados están a vista de todos.

Temos a confianza que a veciñanza, avisada, contribuirá co seu voto a por a cada un no seu sitio, e concedernos aos socialista liderar o cambio, que sigue sendo necesario.

Estamos en posición de asumir o reto sos, ou en compañía de outros que entendan que o futuro de Mondariz é o primeiro.

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.

T.658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.

Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD

(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 986 64 12 69

redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Departamento propio e axencias

publicidade@novasdoeixoatlantico.com

Fotografía: Hernández e departamento propio

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Rocio Rodríguez – Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – M. Rguez. Alonso – X. Maure – Uxío Breogán – Pérez Lema – X. Glez. Mtnez. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Roberto Carlos Mirás – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez.

PORTUGAL: Vialé Moutinho – Manso Preto – Isabel Varela – João Martinho.

MADRID: –Juan Louzán – **BARCELONA:** Fdez. Valdeorra – **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo.

CANARIAS: Fco. Puñal.

NOVA IORQUE: Fco. Alvarez (Koki)

Fotografía: Hernández – A. Gutiérrez – M. Preto – Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Her-manager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex.

Depósito legal: VG-138-2015

Entrevista

SANTIAGO

Entrevista Goretti Sanmartín, candidata do BNG en Santiago de Compostela

“O principal é conseguir a unión das forzas políticas da corporación e iso unido ao tecido asociativo e social e empresarial”

Goretti San Martín encabeza a lista do BNG en Santiago de Compostela nun momento onde as enquisas non ofrecen resultados clarificadores. Sanmartín estima que non haberá maiorías absolutas. As posibilidades de pactos e as combinacións están abertas.

-Os resultados das eleccións xerais do 28 de abril influirán de cara as municipais do 26 de maio?

Son dous procesos distintos aínda que teñen puntos en común. En calquera caso desde o BNG estamos con moitísima confianza en que estamos no momento de remontada. Nun bo momento, cunha corrente forte de simpatía cara a nós, entedemos que imos ter un bo resultado nas municipais. Hai certas tendencias, non só as enquisas, o ambiente na rúa e nos encontros sentimos que o BNG está en alza. Eu son de longo percorrido, isto é unha longa campaña ata a primavera de 2020 para derrotar o PP, e desde o Bloque entendémolo así. Estamos sendo alternativa no Parlamento ao PP e esperamos que as municipais marquen un rumbo clarísimo de cara desprazar o PP da Xunta.

-Se che pido unha valoración dos diferentes candidatos, por exemplo Hernández?

Xa sabemos que o PP tivo unha oportunidade nun momento que foi o peor valorado, neste caso creo eu, en moitísimos anos pola poboación de Compostela, e desde o

punto de vista político non ten a confianza da poboación da cidade que ten un mal recordo dunha das peores épocas da cidade.

-Sánchez Bugallo?

Representa outro momento histórico, en que gobernou xunto o BNG que tivo as concellerías máis vangardistas e innovadoras. Entendo que hai unha volta o pasado en que o BNG non se sitúa, senón no futuro e de cara o 2020.

-Martíño Noriega?

Desde o punto de vista político o equipo de Compostela Aberta foi unha decepción profunda para moita xente. Iso tradúcese en que moitas persoas falan dunha xestión moi deficiente e non estiveron á altura do que Santiago merecía no desenvolvemento das súas políticas.

-No caso de asumiren a alcaldía, cal sería a primeira medida?

Por unha parte sería tentar sentar nunha mesa de conversacións a todas as administracións e tecido asociativo para chegar a acordos sobre o plano de reindustrialización de Santiago. Tamén esixir ao Estado e Xunta os orzamentos necesarios, tan-

to desde o punto de vista orzamentario desde o Estado como revisión do que significa o estatuto de capitalidade e a cantidade de investimentos que lle corresponden a Santiago nese sentido.

-Xunta e Goberno central estarían disposto a sentar?

Eu penso que si, porque xustamente o que ten pasado nos últimos anos en Santiago é a perda de poder e de peso político por xustamente a falta de capacidade de conseguir nuclear propostas de concello. Para iso hai un elemento esencial, ir co conxunto de forzas de goberno e coas forzas do tecido asociativo a todos os lugares onde haxa que negociar, para que se vexa que determinadas cuestións deben estar por riba de todo. Entre eses puntos, debera haber un pacto polo rural, un pacto pola recuperación da zona vella. Iso é o principal, conseguir a unión das forzas políticas da corporación e iso unido ao tecido asociativo e social e empresarial.

-Estaría aberta a pactos?

Todo o mundo sabe que non vai haber maiorías absolutas en Compostela. O PP é unha forza á baixa, vai ter que haber



diálogo e acordo entre o resto das forzas da esquerda. O BNG está cogobernando na Deputación da Coruña co PSOE e xa o fixo en Santiago de Compostela. Non sería posible que un grupo puidese gobernar en solitario nestas circunstancias en Santiago. Estamos dispostos a gobernar e facer todo o posible para que sexa o máis determinante e condicionante nesa política que se quere establecer.

-O casco histórico, continuaría a moratoria coa apertura de hoteis?

Nestes momentos si, porque consideramos máis necesario dotar a zona vella de servizos. Deberíase fixar poboación, temos que conseguir fibra óptica na zona vella, hai que axilizar a tramitación de todas as licenzas, ter máis axilidade no que son obras de reforma e rehabilitación. Temos que conseguir comercio diversificado na zona vella. Habería que mudar o plano especial e facer unha proposta importante para chegar a un acordo sobre ese respecto. O máis importante

é que a zona vella non perda a súa identidade e non perda poboación.

-Para o medio rural, cal é o grande reto neste campo?

Santiago ten unha débeda histórica co rural, moitas necesidades porque non pode ser que vivamos nun concello onde non se respectan os mesmos servizos pagando o mesmo. Hai necesidades en saneamento e transporte público. Debe haber un mantemento de vías importante e que haxa unha diversidade económica e que a xente poda vivir nel e conseguir a conexión a internet.

-Sobre o Xacobeo 2021.

Debemos conseguir un plano de actuación de cinco a seis anos, a partir de 2020 estamos en Xacobeo e debemos pensar nun plano de 2021 a 2025. Para nós o Xacobeo non debe ser unha fórmula para conseguir que haxa máis visitantes senón para revisar o modelo turístico, con máis pernoctación e desestacionizalo.

Xavier Simón, candidato por AGRELAR á alcaldía de Arbo

“A nosa proposta de crear a Eurocidade Arbo-Melgaço será un paso importante para a colaboración mutua”

Xavier Simón. Profesor de Economía na Universidade de Vigo. Concelleiro en Arbo dende 1999 ata 2011. Alcalde de Arbo dende 2011 a 2014.

-O parecer vde. non puido desprenderse do “bicho da política” e volta as andadas. Cre que nesta ocasión as cousas están mellor para dar o salto a Alcaldía de novo? Non teme novas traizóns como lle ocorreu noutros tempos?

Eu aparteime un tempo da política para rexenerar a miña mente e buscar obxectivos profesionais diferentes. Pero seguí participando nas dinámicas sociais e políticas do meu Concello. O que sucedeu en 2014, coa moción de censura, foi un acto de canibalismo político onde dous tránsfugas se aliaron co actual alcalde para xerar unha maioría numérica pero sen proxecto político para Arbo. O único que querían era botar fora o aire fresco que representabamos nós e volver á política antiga, do enchufismo, do amiguismo, do despilfarro. O peor de todo é que a calidade dos servizos públicos deteriorouse, non houbo xestión seria e moderna, para

O proxecto que encabezo non entende de traizóns. Somos un grupo cohesionado que busca transformar o noso Concello, e imos conseguilo, sentirémosnos orgullosos do que somos, do que facemos, dos retos que vencemos e dos desafíos que afrontamos.

-Xa postos na alcaldía, cales serían as cinco cuestións máis urxentes que entende se deben abordar en Arbo nestes momentos?

O Concello de Arbo debe xerar oportunidades de em-

prego, oportunidades de emprego, oportunidades de vendas para os mozos e as familias que queren vivir no rural.

Nun tempo de reparto máis igualitario dos recursos da Deputación de Pontevedra, o Concello non pode perder a oportunidade de empregar 2 millóns de euros (cantidade de libre disposición coa que contou Arbo desde 2015 a 2019) para xerar esas novas oportunidades.

Un concello envellecido como é o noso debe ter uns servizos de calidade para esa poboación: construiremos unha Residencia da Terceira Idade e un Centro de Día.

Imos crear unha empresa pública para a transformación de produtos agrarios onde os viticultores e labregos arbenses poderán etiquetar os seus produtos excedentes cun Rexistro Sanitario único.

Faremos un millón de esforzos para que o Río Miño sexa unha fonte de riqueza para os negocios locais: para

a hostalaría, para os pescadores, para os restaurantes, para as empresas de deportes de aventura, incluso para as adegas da DO Rías Baixas, potenciando o turismo enolóxico.

Crearemos a primeira rede pública de avisos de pragas, cubrindo todas as Parroquias, para a prevención de danos no viñado, principal actividade económica do noso Concello.

-Arbo ten problemas propios dun concello do rural, dun concello fronteirizo e dun concello pouco desenvolvido. Como pensa afrontar estas cuestións de chegar a Alcaldía con forza suficiente?

A nosa proposta de crear a Eurocidade Arbo-Melgaço será un paso importante para a colaboración mutua entre Melgaço e Arbo, dúas vilas pequenas que poden mellorar a calidade dos seus servizos públicos mediante esa estratexia colaborativa. Pero ademais, temos que ser innovadores e ter a mente aberta para dar cabida a novas oportunidades: redes



europas de turismo relixioso, como a Vía Mariana; fomento de produtos agrarios con alto valor engadido; protección dos núcleos de poboación polo abandono de terras, sobre todo de monte, etc.

-Que problemas entende están enquistados no tempo en Arbo aos que non se intentou dar solucións?

O principal problema que xerou o actual goberno municipal de Horacio Gil foi que a Administración Local non estaba ó servizo dos cidadáns. O nivel de atención á cidadanía foi moi deficiente e o caos organizativo o común denominador. Non saben organizar os recursos, fan que os cidadáns perdan o tempo e non atenden as necesidades básicas.

O outro problema ó que non lle deron solución é o paso da Liña de Alta Tensión 400 kV por Arbo. O meu goberno non des-cansará ata que Red

Eléctrica Española e o goberno de España dean unha solución á lexítima demanda da cidadanía arbense: non podemos vivir debaixo dunha liña dese calibre.

-Por último, díganos que medicina ten vde. para o rural galego e sobre todo para o rural transfronteirizo?

Non hai unha única medicina. Pero o remedio debe ser máis iniciativas construídas a partir dos recursos locais existentes: os recursos humanos e os recursos naturais. E en Arbo diso temo moito e de calidade. Por outra parte, é increíble que despois de 20 anos e 30 millóns de euros a PLISAN non teña ningunha empresa instalada: desde a Alcaldía farei un chamamento a todos os alcalde e alcaldesas e a todas as administracións para contribuír a que de unha vez por todas se faga unha realidade. É un luxo que non nos podemos permitir: ter millóns de metros cadrados baleiros despois de gastar tanto diñeiro.



Entrevista

Chus Garrote, candidata polo PSOE á alcaldía de Ponteareas

Unha das miñas prioridades é o Plan Estratéxico “Ponteareas Hábitat Saudable”

Nacín 26 de xaneiro de 1973 e son nai de dous fillos. A miña vida estivo ligada profesionalmente á dirección dunha PYME, concretamente do sector da hostalería durante máis de 23 anos. Ao tempo, comecei os estudos en Ciencias Políticas e da Administración na UNED.

Durante anos participei activamente en diversos movementos asociativos e de dirección como na FANPO. Hoxe son tenente de alcalde do Concello de Ponteareas, Concelleira de Urbanismo, Vías e Obras e iluminación.



Os socialistas de Ponteareas cada vez que chegan ao Poder fano da man dos nacionalistas. Cre que chegou o momento en que sexa ao revés?

Os socialistas temos unha enorme vocación de goberno. Somos un partido con programa de futuro e progreso, pero tamén con capacidade de diálogo e de chegar a acordos que beneficien aos cidadáns. Por iso, cada vez que acadamos o goberno é porque temos o apoio suficiente da veciñanza, a súa confianza nun proxecto que, dependendo das circunstancias, podemos por en común con outras forzas políticas o noso programa sempre coa visión de progreso e benestar de Ponteareas.

Ao que parece o trunfo de Pedro Sánchez vai dar as aos socialistas de Ponteareas para facerse co Poder sen máis axudas. Vde. está segura delo?

O Partido Socialista gañou por primeira vez unhas eleccións xerais en Ponteareas sendo a forza máis votada sacando 1000 votos de diferenza ao PP. Ningunha outra forza política na democracia foi quen de acadar ese cambio de correlación de forzas nunhas eleccións xerais. Iso é síntoma de que se o Partido Socialista fixo as cousas ben en España, pero tamén en Ponteareas. Os veciños e veciñas confían no PSOE, no seu programa e sintense identificados coa nosa visión de futuro.

O Partido Socialista aspira

sempre a gobernar en solitario. Eu saio a gañar as eleccións, mais sabemos que nestes últimos anos a cidadanía non confía nas maiorías absolutas. Como dixen somos un partido dialogante e que sabe chegar a acordos sempre e cando se poñan por diante os intereses das veciñas e veciños.

Vde. levou unha concellaría complicada: o Urbanismo. Nestes momentos as cousas están fervendo, precisamente. Vdes. queren aprobalos antes das eleccións e a Oposición di que así NON. Que vai pasar?

O Goberno de Ponteareas que eu represento actuou durante estes catro anos de maneira responsable e atendendo sempre aos intereses da veciñanza. O certo é que tralos recortes impostos pola Xunta de Galicia ao PXOM, Ponteareas viu como as súas posibilidades de crecemento foron limitadas. Ante esas imposición da Xunta o meu goberno decidiu que a aprobación do Plan Urbanístico era prioritaria e a mellor decisión que se pode tomar, pois Ponteareas e os veciños necesitan a seguridade xurídica que permita crear empresas, emprego e prosperidade.

Belén Villar e o PP están utilizando o PXOM de maneira electoralista e non lles importa dilatar canto lles veña en gana o crecemento de Ponteareas polas súas ambición persoal.

Os veciños de Ponteareas

agardan que os políticos esteamos a altura das circunstancias. **Un dos problemas que temos en Ponteareas é o exceso de coches e a falta de aparcadoiros extratéxicos. Para cando un parque subterráneo?**

Esa é unha das miñas prioridades. O Plan Estratéxico “Ponteareas Hábitat Saudable” que impulsamos desde a miña concellería e que acadou cinco millóns de euros de Fondos Europeos, e un estudio de mobilidade desprenden na súa análise que unha das actuacións é a ampliación de aparcamentos estratéxicos en Ponteareas.

Nestas últimas semanas abrimos o novo aparcamento de Granitos con máis de 60 prazas novas, que serán ampliadas a máis de 100 en canto comecemos a gobernar no novo mandato.

Por outro lado, solicitaremos os terreos do campo de fútbol do colexio número 1 á Xunta de Galicia, pois queremos construír un aparcamento semisoterrado e que podería acadar as 300 prazas e, ademais, devolverémolle aos alumnos un novo campo de céspede sintético na superficie. Os novos aparcamentos obedecen ao plan de mobilidade estratéxica realizado polo goberno nestes catro anos porque entendemos que é vital para o futuro comercial e económico da cidade.

Que lle quedou sen facer du-

rante esta lexislatura?

Tendo que ocupar parte destes catro anos a sanear as contas e reparar as desfeitas da dereita, é certo que quedaron cousas iniciadas e que quero darlles continuidade e impulsar nos vindeiros catro anos. Como sabe, iniciamos os proxectos de humanización, o primeiro tramo da Rúa do Paseo Matutino, pero aínda quedan todos eses proxectos de humanizacións que están aprobados, o máis importante sen dúbida o da Avenida da Constitución e Praza Bugallal. Tamén quero dar comezo á rehabilitación do Casco Vello coa creación da ARI e a recuperación das escaleiras de San Gregorio e Monfortinos, pero tamén a Rúa Redondela e moitas outras.

Ponteareas, ten moito onde avanzar. O cambio iniciado hai catro anos non era a corto prazo senón que implica un plan de progreso para as vindeiras décadas. Por exemplo, o rural e as parroquias forman parte dese proxecto por iso quero realizar o antes posible a ampliación e mellora da depuradora para poder conectar a máis vivendas o saneamento. Converter a Ponteareas nunha Smart City. Continuar potenciando o comercio e a cooperación como fortaleza cun programa online de vendas e un roteiro comercial interactivo. Impulsar o Viveiro de

empresas.

De que se sente máis satisfeita como parte do Goberno Local?

No meu goberno demostramos que era posible sanear as contas, ademais en tempo récord, catro anos antes do prazo, sen materializar ningún tipo de recorte en servizos e conseguindo un remanente positivo de tesourería. Cando o Partido Socialista entrou no goberno de Ponteareas tiñamos claro que sanear as contas era o primeiro paso para construír a cidade de futuro e oportunidades. Podo dicir que o conseguimos. Isto permitíranos ampliar servizos públicos e construír unha cidade de oportunidades e progreso nos vindeiros anos. Pero se teño que destacar algo en concreto é conseguir os 5 millos de euros de fondos europeos que transformarán Ponteareas. **Para rematar, de voltar ao Goberno Local con forza que cinco cuestións poría sobre a mesa de goberno para realizar na próxima lexislatura?**

Urbanismo sostible; Smart Citye servizos públicos de calidade; O turismo como un novo motor económico que veña da man do patrimonio cultural material e imaterial; A política social e a perspectiva de xénero como eixo transversal da nosa forma de traballar; Viveiros de empresas e emprendemento

Ana Miranda urxe a solucionar os problemas co voto exterior

A eurodeputada do BNG, Ana Miranda, en representación da coalición Agora Repúblicas, denunciou hoxe ás portas do Congreso os múltiples problemas que existiron na xestión do voto nas pasadas eleccións xerais das persoas que residen no exterior, en concreto en Inglaterra, Cuba, Irlanda, Italia, Portugal, Estados Unidos, Filipinas e Kenia, referidos especialmente á recepción da documentación e as papeletas. “É imprescindible que estas irregularidades non se repitan nas eleccións europeas co obxectivo de garantir o dereito ao voto de toda a cidadanía”, destacou.

A eurodeputada do Bloque explicou as diferentes incidencias que se produciron co voto emigrante nas pasadas eleccións xerais, desde a non recepción da carta do censo electoral para solicitar o voto, até a imposibilidade de rogar o voto. “A estas alturas atopamos con queixas sobre o colapso dos faxes das oficinas electorais ou a falta de papel” criticou Miranda en referencia tamén ao colapso da web do INI, que presentaba erros nos días previos ao fin do prazo, situación que provocou



a súa ampliación “de forma electoralista” por parte da Xunta Electoral e causou por tanto malentendidos sobre o verdadeiro límite do prazo ante a falta de claridade de información, así como inseguridade polas colas detectadas no momento de exercer o voto.

O caso máis común de entre as irregularidades detectadas, segundo apuntou a eurodeputada do Bloque, consistiu en que as papeletas “nunca chegaron” ou chegaron unha semana despois das eleccións, pese a que todas as persoas rogaron o voto en tempo e forma. Estas foron as queixas remitidas sobre todo desde Portugal, Estados Unidos e Alemaña.

Lidia Senra reclama establecer a renda básica universal a nivel europeo

A eurodeputada galega e candidata de En Marea: Compromiso por Europa (CPE) ás eleccións europeas do 26 de maio, Lidia Senra, defendeu como necesidade prioritaria que se estableza unha renda básica universal a nivel europeo. “Urxe unha UE na que se reparta a riqueza e se combata a pobreza. A UE ten os suficientes recursos como para que ningunha persoa viva na pobreza, como para que ningunha persoa estea sen un teito debaixo do que vivir ou sen poder alimentarse correctamente.

Senra mantivo un almorzo informativo en Santiago, acompañada polo voceiro de En Marea, Luís Villares, onde deu a coñecer cales serán as súas prioridades de traballo.

Outra das cuestións que quedou enriba da mesa é o regulamento do control de pesca. “En nome da PPC estanse facendo reformas que aínda que usan como argumento favorecer á pesca artesanal, o certo é que a PPC está levando a poñer cada vez máis trabas á pesca artesanal e de pequena escala. É un regulamento que ou ten que ser retirado ou ten que haber un compromiso específico



de que non vai afectar á pesca artesanal”, dixo.

Lidia Senra tamén avanzou que loitará contra a redución dos salarios e por uns prezos dignos agrícolas que cubran os custos de produción.

Frear o cambio climático tamén é para a candidata unha loita imprescindible, e outro dos eixos principais do seu traballo seguirá sendo o compromiso coa igualdade. Así mesmo, reclamou que se cambie o Mecanismo Financeiro Plurianual. “Non compartimos as prioridades que establece a UE en canto ao reforzo armamentístico ou a construción dun exército europeo. Os orzamentos teñen que ir para construír a cultura de paz e garantir os servizos públicos”, zanzou.

pp
“Chegou o momento de reconstruír O Porriño”
VOTA
Alejandro Lorenzo “Caroca”
26 de maio de 2019
#OPorriñoAMellor
www.empuxe19.com

Opinión

Cadernos da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

Indyref2: a segunda posibilidade escocesa.

En setembro de 2014 a cidadanía escocesa votou en contra da súa independencia cun 55% de votos en contra dun 45% a prol. Influiu daquela unha campaña mentireira e avantaxista que ameazaba aos escoceses con ficaren fóra da Unión Europea e tamén coa perda de sedes de empresas importantes, como os bancos do Grupo Lloyds Halifax e Bank of Scotland e máis o RBS. Ao tempo, laboristas e conservadores prometían un substancial incremento do autogoberno se Escocia ficaba no Reino Unido, acadando amplas competencias sociais, ambientais e fiscais (devolution plus). Moi axiña estas promesas

de máis autogoberno foron totalmente esquecidas polos conservadores e laboristas británicos

Este sábado máis de 100.000 persoas reclamando un segundo referéndum de independencia (indyref2) ateigaron as rúas de Glasgow, a principal cidade de Escocia por PIB e poboación e tamén o máis forte apoio do soberanismo escocés, onde gañou amplamente o voto favorable á independencia no 2014, cun 53%.

No 2014 o daquela premier conservador, David Cameron, dixera que o non escocés definía de vez a cuestión polo menos para unha xeración. Que pasou para que menos de cinco anos

despois deste referéndum a first minister nacionalista escocesa (SNP), Nicola Sturgeon, reivindicase o indyref2, o segundo referéndum de independencia?

Pasou que Cameron convocou un referéndum británico en xuño de 2016 para definir a permanencia do Reino Unido na Unión Europea e perdeuno, co 51,9% dos votos para o brexit e o 48,1% para o remain. Mais na Escocia o 62% votou por ficar na UE e só un 38% por marchar. Logo duns números tan nidios era cuestión de tempo que Nicola Sturgeon, co apoio que lle dan 35 nacionalistas sobre 59 representantes escoceses no Parlamento británico de Westminster e 62 deputados do SNP sobre 129 membros do Parlamento escocés de Holyrood (3 por baixo da maioría absoluta), reivindicara o dereito de Escocia a gobernar o seu futuro,

tendo en conta a evidente mutación constitucional que suporá para Escocia o brexit que seica será realidade antes da fin do vindeiro outubro.

Os líderes conservador e laborista británico, Theresa May e Jeremy Corbyn, demostraron coa súa desaxelada xestión deste referéndum que a parvicia non é cousa exclusiva de dereitas nin de esquerdas, mentres negan o dereito dos escoceses a reverter no seu beneficio os gravísimos prexuízos que sufrirán se son excluídos dos beneficios da Unión Europea contra o voto do 62% da súa cidadanía.

Ou Westminster adia o brexit ou haberá indyref2. Unha segunda oportunidade para que Escocia poida definir o seu futuro.



Por Jesús Témez Fernández

Eleccións europeas

Ó horizonte das eleccións europeas parecen ser as que menos espazo e interese ocupan nos "mainstream" de referencia. A cidadanía percibe estas eleccións con certa desconfianza e pouco interese. Os partidos tamén contribúen en certa medida a que esta situación se xeneralice converténdose as listas das mesmas en verdadeiros cemiterios de dinosauros políticos. É un xeito sen lugar a dúbida reconfortante e complacente que atoparon as nomenclaturas dos partidos para agradecer certos

servizos a prohombres dos seus partidos. A meirande parte deles o perciben tamén coma un premio a súa laboureira de anos na fangosa area da política nacional.

Por outra parte as familias políticas máis tradicionais seguen sendo as máis representadas, tanto o Partido Popular europeo de corte conservador e liberal como a socialdemócrata de corte social-liberal representan ese bipartidismo vertebrador do sistema político europeo de posguerra. O esgotamento deste esquema e un dos ali-

centes destas próximas eleccións europeas cun chamado populismo crecido e mellor articulado que aspira nesta ocasión a amosarse decisivo na modificación das regras do "establishment" europeo.

É moi significativo como nestes anos a meirande parte das votacións con certo eco mediático que se levaban a cabo en Estrasburgo as dúas grandes familias políticas anteriormente citadas máis a liberal pura practicamente votaban no mesmo senso, matizando se acaso nalgúns intres concretos aspectos que intencionadamente querían resaltar para facer a mascarada máis dixerible a ollos dunha cidadanía desorientada. É máis que palpable e sobor de todo nestas

eleccións que ten un matiz moitísimo máis global que o debate de esquema clásico esquerda versus dereita está máis que superado en detrimento doutro máis apasionante e trascendente que é o de soberanía nacional e certo proteccionismo comercial, económico e social versus globalización neoliberal que patrocina unha élite burocratizada e tecnocratizada.

As cartas están votadas e máis que nunca o taboleiro da axedre mundial ten un elevado protagonismo nestas eleccións das que ninguén quere publicitar e falar. Por algo será.



O PP preséntase como garante da continuidade na mellora dos servizos en Arbo

“O proceso de restablecemento dos servizos perdidos consumiu moitos esforzos e recursos, pero está á vista de todos a importante mellora que experimentaron nestes catro anos todas as infraestruturas e

servizos municipais.

Porque Arbo e os seus veciños o merecemos, temos que continuar na senda da responsabilidade e do traballo ben feito, áxil e efectivo na resolución dos problemas cotiáns.”



Por Ramón Coira Luaces

O Reino Suevo

Este é un dos períodos históricos nos que Galiza estivo unida ao Norte de Portugal; se ben este breve texto está baseado unicamente na lectura das, relativamente, recentes Historias de Galicia de Anselmo López Carreira, Ramón Villares e David Pérez López e algún artigo tirado de Internet tamén galego. Fáltame coñecer a versión portuguesa, aínda que non creo que haxa sorpresas importantes.

Os suevos eran un pobo xermánico orixinario da zona situada entre os ríos Elba e Oder, na actual Alemaña, que cruzou a fronteira romana do Rin a finais do ano 406, baixo a autoridade do seu rei Hermerico. Percorren a Galia e traspasan os Pirineos no 409, instalándose na Gallaecia no 410. Aquí comparten espazo cos vándalos, mais estes acaban abandonando e instalándose na Bética. Ese mesmo ano os suevos (que se calcula que eran pouco máis duns 30.000) firman un pacto de hospitalidade ou foedus co emperador de Roma, mediante o cal os suevos constitúense en reino na Gallaecia e na parte Norte de Lusitania, nacendo así o primeiro reino da Europa Medieval. Aceptaban estes a superior (e teórica) autoridade imperial

e comprometíanse a prestar asistencia militar. En realidade, no país rixen dous poderes paralelos, que entran en conflito: un representado polas institucións romanas (municipios e epistolado católico) e outro encabezado polo rei e a Igrexa arriana (non cría na natureza divina de Xesús), aos que se sumará o campesinado galaico. Os suevos fixéronse coas terras pertencentes até entón ao Estado, respectando a propiedade privada preexistente e -en palabras de Osorio- cambiaron as espadas polos arados. Aínda así -según Osorio- os terratenentes galaico-romanos foron inicialmente hostís aos suevos, ao contrario que as capas populares, que se beneficiaron dunha menor presión fiscal. Porén o cambio -fóra de episodios puntuais- non debeu ser traumático. A capital do reino instalouse en Braga. O enfrontamento cos vándalos fai que estes se instalen no Norte de África no



ano 429, motivo polo que o reino suevo se estende fóra dos límites da Gallaecia romana. Porén esta expansión suscita os recelos e o enfrontamento de Roma e dos seus novos aliados: os godos.

Baixo o reinado de Requiario e tras o Concilio de Caldas de Reis os suevos convértense ao catolicismo no 449. E a partir deste momento só haberá unha única comunidade galaica. Porén os

conflitos armados entre suevos e o Emperador romano e os godos, continúan e o reino suevo pasa por grandes dificultades: Roma, aliada dos godos prende e decapita ao rei suevo Requiario. E os

suevos volven ao arrianismo, simbolizando isto certa sumisión aos visigodos. Será no século VI cando o reino alcanza un período de esplendor cos reinados de Teodomiro (que volve ao catolicismo no 559) e Miro. Xustiniano, o emperador bizantino, pretende recuperar o control imperial do Mediterráneo occidental e enfróntase aos godos, estabrecendo unha alianza cos francos e cos suevos;

coincidindo coa chegada a Gallaecia de Martiño de Dumio desde Bizancio ou -según outros- desde a Galia, quen se convertirá en figura relevante e conselleiro da monarquía suevo. O reino organízase por medio de concilios e divídese en diócesis e parroquias. A rede monástica completaba a articulación do territorio. No ano 573 eríxese o mosteiro de San Pedro de Rocas en Esgos. Tamén se constrúen igrexas como Santa Comba de Bande e outras. Martiño de Dumio combate as supersticións e reminiscencias pagás (culto ás árbores, augas,...) e deixa escritos ao respecto. Durante o reinado de Miro, os suevos chocan cos visigodos e, finalmente, o seu rei Leovixildo conquista o reino suevo no 585, que conservará certa autonomía e pasará a ser unha provincia visigoda. Aínda que Galiza conservará a categoría de reino.

Os suevos adoptaron a lingua existente no pobo e deixáronnos certos vocablos como esmagar, agasallar, luva, burgo, xabón, banco, roubar, gañar,... e topónimos como Allariz e Guitiriz. A bandeira coa que ilustro o texto crese que era a da monarquía suevo.



Camilo e Isaac

Camilo Díaz Baliño foi un escritor, pintor, escenógrafo, debuxante, ilustrador de libros (da colección LAR e outros), cartelista e muralista que naceu en Ferrol en 1889 e morreu asasinado por tres falanxistas en Saa, Meixide, Palas de Rei o 14 de agosto de 1936. Foi membro destacado da Irmandade Nacionalista Galega e das Irmandades da Fala. E tamén do Seminario de Estudos Galegos e do Partido Galeguista, facendo un cartaz para a campaña a favor do Estatuto de Autonomía (o da alegoría co escudo de Galiza e a roda dentada). Tamén escribiu algunhas poesías e relatos publicados, sobre todo en "A Nosa Terra". Durante uns anos foi profesor de debuxo na Academia Xelmírez e tamén director artístico do Concello de Santiago. Do seu estilo podemos dicir que rexeitou a influencia das vangardas europeas e continuou coa estética de finais do século XIX, ligada ao modernismo e ás escolas de

artes e oficios. Polo seu taller pasaban con frecuencia personalidades do nacionalismo e da cultura galega como Castela, Otero Pedrayo, Vicente Risco, Ramón Cabanillas e Blanco Amor. Alí se confeccionou a meirande parte da propaganda a prol do SI ao Estatuto de Autonomía. E el era da á máis esquerdista do Partido Galeguista e partidario, por tanto, da alianza coa Fronte Popular. Tralo seu asasinato, Antonia, a súa dona, perdeu a consciencia e finou de cancro dous anos despois. O seu fillo, Isaac Díaz Pardo, tiña 15 anos cando mataron o seu pai e el mesmo houbo de agocharse durante uns meses na casa dun parente. Isaac Díaz Pardo tamén foi artista: pintor, deseñador, debuxante, ceramista e escritor, nacido en Santiago de Compostela en 1920 e morto en



2012. Pasou apuros económicos e chegou a traballar de peón nun taller de pintura industrial, para axudar a manter a súa familia. Estudou na Real Academia de Belas Artes de San Fernando e realizou unha importante viaxe de estudos a Italia, que lle permitiu coñecer a fondo os clásicos renacentistas; influencia que se observa nas súas primeiras obras, caracterizadas polo seu particular simbolismo. A súa temática centrouse na figura humana, en especial a feminina, que pintaba con formas escultóricas. Expuxo con éxito en Coruña, Madrid,

Vigo, Londres,... Fixo tamén retratos e bodegóns e en 1948, como el dicía: canso de pintar para ricos, abandonou a pintura. Ilustrou tamén libros sonados como Xente ao lonxe, A esmorga, e Memorias dun neno labrego. Porén o legado de Isaac Díaz Pardo, como casi todos sabemos, foi moito máis grande.

En 1949, buscando a relación entre arte e industria e buscando socializar a creatividade, creou -xunto a outros destacados galeguistas- Cerámicas do Castro no Castro de Samoedo (Sada), xunto co Laboratorio de Formas, Cerámica de Sargadelos, Editorial Edicións do Castro, o Museo Carlos Maside, resucitando tamén o Seminario de Estudos Galegos,...

Escribiu ensaio e crítica e numerosos artigos en xornais, nos que algunha vez tense manifestado a favor dun Estado Federal. Recibiu numerosos recoñecementos en vida como o Pedrón de Ouro e a Medalla de Ouro de Galiza. E defendeu sempre a memoria histórica de Galiza en oposición á historia oficial franquista, o que lle ocasionou varios problemas coa censura. Ogallá os poderes públicos tomasen conciencia da importancia do seu legado e o preservasen, como é o seu deber, evitando desfacelo ou desvirtualo. O cadro é unha obra inconfundíbel de Isaac, que nos anima a brindar por estes dous artistas, pai e fillo, que o deron todo por Galiza.

Galicia

Gonzalo Caballero sinala que o PP “di que vai virar ao centro porque non lle dan os números” e advirte “dos riscos” dos seus pactos

O secretario xeral do PSdeG, Gonzalo Caballero, estivo en Santiago coa ministra de Economía, Nadia Calviño, para arroupar aos candidatos e candidatas da bisbarra compostelana ás vindeiras eleccións locais. “O partido xa está traballando en clave de municipais”, sinalou, cando se cumpre unha semana do “triumfo histórico” dos socialistas en España e en Galicia.

Nese escenario, tras un paseo pola alameda compostelana, o líder dos socialistas galegos ironizou con que Feijóo e Casado estiveron onte xuntos “celebrando o éxito do PP” nas pasadas xerais nunha comida popular.

“Seguen coa estratexia do avestruz, de esconder a cabeza para non asumir o seu erro, e tentando dicir que queren virar ao centro”, remarcou, consciente de que “agora din que non querer estar na extrema dereita porque non lles dan os números”. “Porque en Andalucía seguen gobernando cos votos de Vox sen ningunha rectificación”, evidenciou Caballero.

Por iso, o máximo dirixente do PSdeG reprobou o seu “cinismo”. “O PP vai usar os votos de Vox cando lle sirvan, e renunciará se non lle dan as contas”, incidiu, para advertir de que “non podemos esquecer os riscos” que entrañan os seus pactos.

Máis alá disto, Gonzalo Ca-



ballero destacou que “é un pracer” estar hoxe compartindo coa ministra de Economía “o triunfo do socialismo galego e o avance do PSdeG”, que por primeira vez nunhas eleccións xerais acadou o primeiro posto na orde de preferencias dos galegos. “Ábrese un novo tempo

político”, recalcou, en compañía tamén do presidente do PSdeG e voceiro parlamentario, Xoaquín Fernández Leiceaga.

Ao respecto, Nadia Calviño corroborou que “é un pracer encontrarme cos compañeiros do PSOE de Galicia para celebrar con eles o resultado histórico

que tivemos” e chamou a “empezar a animarnos para o lanzamento da campaña” das municipais e europeas.

“Son unhas eleccións moi importantes, porque España se constrúe dende os concellos e temos moi bos candidatos”, subliñou a ministra coruñesa.

Ademais, puxo o foco na importancia da participación nesta nova cita coas urnas. “O máis importante é que a maioría social que se mobilizou nas xerais tamén o faga para conseguir a transformación a nivel dos concellos”, resaltou.

“Temos que ratificar que o noso país é proeuropeo, progresista e feminista, porque nos xogamos moito”, finalizou a ministra de Economía.

ROCK NA RÚA 2019
20:30h
SABADOS - XUNO + XULLO

8	XUNO	ERRANTES	PONTEAREAS	BLU BAR
15	XUNO	LOS CANALLAS	PASEO A BORLUSA	MATUTINO
22	XUNO	LA SUPERSONIC	VIGO	WILSON'S BAR 23:00h
29	XUNO	GALLEDANOS	MADRID	CHIRINQUITOS DA FREIXA
6	XULLO	LA CASA DE LOS INGLESES	PONTEVEDRA	EIRAVELLA BERCED

OS TEUS COMPLEMENTOS EN **GALLEGOS** JOYERIA - RELOJERIA
PONTEAREAS - www.joyeriagallegos.es

Gerardo Rodríguez preséntase como candidato do PSdG-PSOE á alcaldía de Oia

O 26 de maio vaise celebrar novas eleccións municipais ás que Gerardo Rodríguez se presenta como candidato para a Alcaldía de Oia polo PSdG-PSOE.

Estamos a piques de rematar unha lexislatura perdida, caracterizada por unha moción de censura que impediu levar adiante o cambio que o Concello demandaba e imposibilitou afrontar os graves problemas de Oia: saneamento, Talaso, Mosteiro...

A candidatura que encabeza Gerardo Rodríguez combina experiencia e xuventude, ofrece enerxía, esperanza e ilusión para que, dunha vez por todas, o noso concello saía do estancamento e escurantismo no que nos mantiveron os sucesivos gobernos do PP.



Oia non pode permitirse perder outros 4 anos nos que a xuventude siga a emigrar pola falta de oportunidades e que continúe o despoboamento do Concello (3227 en xaneiro do 2009, 3014 en xaneiro do 2019).

Candidaturas das Eleccións locais na provincia de Ourense

O reconto de candidaturas nos 92 concellos da provincia ourensá, publicadas o 24 de abril no BOP, arroxa 321 listas. Nos comicios de 2015 foron 285 e nos de 2011 foron 304.

O PSdeG-PSOE non foi quen de conformar listas en todos os concellos (non se presenta en Vilariño de Conso). O PP é o único capaz de volver facelo. Os socialistas melloraron con respecto a 2015, ao presentar candidaturas en Montederramo e A Pobra de Trives, onde hai catro anos non o fixeron.

Baixa lixeiramente o BNG (de 56 en 2015 a 52 en 2019), pero segue sendo, con diferenza, a terceira forza da provincia no que a candidaturas respecta. PP, PSOE e BNG, son os únicos capaces de presentar listas en máis da metade dos concellos da provincia ourensá. Por detrás deles confórmase agora un grupo doutras tres forzas que pasan a decena de candidaturas: Cidadáns, Compromiso por Galicia e Democracia Ourense.

A formación laranxa irrompe no escenario dos comicios locais ourensáns con 14 candidaturas; Compromiso por Galicia pasa de 9 (en 2105) a 13. Democracia Ourense pasa de 3 listas a 11. Séguelle con 8 candidaturas Espazo Común, que presenta 9.

En Marea e En Común-Unidas Podemos comparten o espírito das mareas e conforman ambas as 13 candidaturas: con distintos engadidos segundo cada caso, os primeiros lograron conformar listas en 8 concellos e os segundos (que en varios casos seguen mantendo a nomenclatura de SON das eleccións locais de 2015) outras 5. Vox só se presenta na capital e en Verín (2 listas), o mesmo que Adiante (na capital e Maceda).

DATOS ELECCIÓNS LOCAIS EN OURENSE:

871 escanos.
92 concellos.
321 listas.
Máis de 3.400 candidatos.

Piñeiro Docampo responde a Javier Nart que CxG presentou co apoio do PNV máis de 85 iniciativas sobre Galicia no parlamento europeo

O Secretario Xeral e candidato ás eleccións europeas por Compromiso Por Galicia, Piñeiro Docampo, advirte a raíz das desafortunadas declaracións de Javier Nart na súa visita á nosa comunidade que desde CxG "Queremos aclararlle ao destacado membro de Ciudadanos que non precisamos que ninguén nos veña a ensinar a votar, que sabemos facelo moi ben xa desde a época da transición, como demostramos votando polo estatuto de autodeterminación de Galicia".

"Nun afán irrespectuoso de paternalismo sen xeito, os de Ciudadanos veñen coma sempre a Galicia a dicirnos o que temos que facer, como tamén nos dixeron no seu momento que non faláramos o noso idioma. Quizais o que non entenden Ciudadanos é que existen as coalicións como método de traballo entre partidos democráticos, xa que eles son máis de facer pactos en despachos, como fan en Andalucía

con Vox", manifesta Piñeiro.

CxG e Eaj-PNV levan xa máis de cinco anos colaborando de xeito continuo en Europa para beneficio de todos os galegos e galegas. O candidato de Compromiso Por Galicia aclara que "Evidentemente cando se vota por unha coalición, todo o mundo sabe que se vota por todos os compoñentes do pacto. O que está claro é que Compromiso Por Galicia pode acadar un eurodiputado e Ciudadanos Galicia non. Pode que por iso estean nerviosos". A europarlamentaria do PNV Iza-Kun Bilbao Barandica presentou ao longo desta lexislatura máis de 85 iniciativas sobre Galicia, cando Javier Nart non foi quen de presentar unha soa. "Estou seguro de que os galegos e galegas saberán tomar nota destas afirmacións, e votarán con total madurez polos intereses da nosa terra", conclúe o número tres por CEUS ao parlamento europeo.



Lasca
C/ Ervedelo, 15 - ourense
988 23 44 99
698 14 82 07

VEN...
www.clubtosca.es
Sala de Fiestas Music-Hall

cerramos los domingos

Galicia

Villar sobre o PXOM: “O documento inicial non ten nada que ver co actual, fixeron grandes cambios perxudicando a moitos veciños”

A voceira e candidata do PP, Belén Villar, denuncia a incompetencia do actual goberno tripartito que non foi quen de sacar adiante o PXOM nestes últimos catro anos e agora quere aprobalo de calquer forma en plena campaña electoral.

“En plena campaña córrselles aprobar o plan, sen presentar nas comisións os novos planos, as supostas novas modificacións, cunha total inseguridade que desde logo o grupo que lidero non vai apoiar”.

Villar denuncia que Chus Garrote, responsable de Urbanismo, leva desde novembro sen convocalos, que realizaron unha comisión informativa o pasado venres na que varios grupos da

oposición informaron da existencia de graves erros no documento e cambios de gran calibre, algo que non está permitido xa que a modificación debe ser baixo os criterios que a Xunta informou. “Garrote enviounos un email solicitando que comunicásemos os erros detectados. Ademais de non realizar o seu traballo esíxenos a nós que o fagamos. Este grupo é responsable e quere o mellor para Ponteareas, por iso onte contestou ao requirimento de Garrote, candidata socialista, informando dalgunhas das deficiencias que contén o documento e que detectamos”.

Por outra banda o PP tamén está a estudar algunhas recalificacións que se fixeron de



parcelas, para saber que criterios seguironse e se cumpre coa Lei de Solo. “Detectamos algunhas recalificacións. Por outra banda seguimos solicitando un calendario de reunións onde podamos traballar e participar todos os grupos e

o equipo redactor do Plan Xeral. Descoñecemos os criterios que seguiron para cambiar a natureza das parcelas. Tamén se nos informou que chegaron algunhas reclamacións que foron tidas en conta, polo que creáanse veciños de primeira e de

segunda, xa que moitos descoñecen os grandes cambios que fixeron e non se lles dá a oportunidade de presentar alegacións”.

Villar comprométese a revisar o documento, co equipo redactor e todos os grupos da oposición, e insta ao tripartito a que decline levar ao pleno o PXOM tal e como está actualmente. “É o seu propio documento e din que non lles gusta, pois aos grupos da oposición tampouco. Como líder da oposición mantiven reunión cos veciños, colectivos e asociacións e tampouco respaldan este documento. Polo tanto non encontramos motivos para que sexa levado agora ao pleno”.

Chus Garrote advirte que o PP quere dilatar a aprobación do PXOM e confundir á cidadanía

A candidata socialista e Concelleira de Urbanismo, Chus Garrote, advirte que o Partido Popular so quere dilatar a aprobación do PXOM e confundir á cidadanía actuando de maneira irresponsable a súa voceira Belén Villar nas súas funcións como concelleira da oposición.

Chus Garrote recórdalle que en novembro de 2018 abriuse un período de detección de erros para todo o mundo, canto máis para os concelleiros da oposición aos que se lles trasladou o documento nese mesmo mes contando tamén con liña directa co equipo redactor.

Ademais, tamén foi anunciado e publicado o prazo de peche de recollida de erros que como é lóxico non pode ser eterno.

A tenente de alcalde adianta que dende a súa concellería apostaban pola celebración do pleno porque todos os actores

desta lexislatura fomos coñecedores da evolución do documento. “Sempre dixemos que este PXOM contaba co consenso das tres forzas máis votadas deste concello e na procura dese consenso, por iso, ante esta nova solicitude de tempo non teño inconveniente en ampliá-la un par de semanas máis, sempre e cando se comprometan a facer o traballo que non fixeron nestes meses e a presentar propostas serias e rigorosas”.

Chus Garrote advirte que non vai consentir que o Partido Popular xogue a perder o tempo e a pór atrancos, “se agora hai un documento avanzado, que se axusta aos requirimentos da Xunta e co que podemos comezar a desbloquear o crecemento de Ponteareas, non imos permitir que nunha xogada electoral ralenticen unha vez máis a xestión deste goberno”.

Respecto ás supostas parcelas



recalificadas, a tenente de alcalde esíxelle a Villar que diga de que parcelas se trata e donde ven “a suposta recalificación da que falan. O Partido Popular de Belén Villar ten o costume de falar con suposicións e irrealidades sen os feitos nas mans” e o que se lle recomenda e que se poña a traballar para ir mandando o equipo redactor as propostas concretas para que a empresa redactora GOC conclúa e non dilatar eternamente a aprobación do mesmo.

O concurso do servizo de ambulancias non esixe as dúas ambulancias as 24 horas

A concellería de Sanidade que dirixe Vanesa Fernández alerta do risco de non dispor de dúas ambulancias 24 horas para as urxencias sanitarias. Fernández advirte que nas condicións que a Xunta de Galicia recolle na convocatoria para o concurso do servizo non se esixe un mínimo de dúas ambulancias as 24 horas.

Vanesa Fernández explica que tan só esixen unha ambulancia 24 horas e outra 12 horas, puntuando con 10 puntos a aquelas em-

presas que fagan unha mellora e amplíen a segunda ambulancia a 24 horas.

“Este servizo básico debería ser un requisito imprescindible e non algo accesorio puntuable porque as nosas ambulancias cubren un territorio extenso para catro concellos con suficiente poboación como para ser indispensable as dúas ambulancias as 24 horas”.

Para a concelleira as bases do concurso priman o interese comercial das empresas e non a cobertura sanitaria da cidadanía.



Acip solicita un debate público con todos os candidatos á alcaldía de Pontearreas

No auditorio Reveriano Soutullo e retransmitido en directo por radio e as distintas redes sociais

O candidato á alcaldía de Pontearreas por ACiP, Juan Carlos González Carrera, ven de presentar por rexistro de entrada no concello unha petición ao alcalde, para que este leve adiante un debate público cos candidatos á alcaldía da

vila de tódalas formacións políticas que concorran nestes comicios.

Segundo González Carrera, “os veciños teñen dereito a escoitar as propostas que todos os grupos políticos presentan para Pontearreas; e os partidos tamén deberían ter esa oportunidade de ex-

poñer os seus proxectos e de confrontar ideas co resto, para que a cidadanía poida ter unha visión global antes das eleccións do vindeiro día 26 de maio”.

Na proposta de ACiP o debate tería lugar no día pactado entre todas as formacións e no auditorio Reveriano Soutullo, procurando un horario que permitise ao maior número de veciños acudir ao mesmo. Debate que estaría moderado por

unha persoa consensuada e que sería retransmitido en directo pola radio e polas redes sociais, -“non existen excusas para iso, coas enormes facilidades que aporta agora mesmo a tecnoloxía”, sostén o portavoz de ACiP- e así permitir que a mensaxe chegue a cantos máis cidadáns mellor.

Para González Carrera, “este si sería un bo exemplo de transparencia que debemos dar todos os partidos



políticos. Entendemos que é necesario un debate así, aberto e plural, e agardamos que o alcalde de unha reposta positiva a esta proposta”.

O Alcalde das Neves acusa ao PP mentir e utilizar miserabelmente os lumes de 2017 por intereses electorais

Os Populares xogan coa dor das familias que sufriron o lume e con que máis 100 voluntarios puideron quedarse con diñeiro doado para a catastrophe”

Á vista das acusacións difundidas polos responsábeis do Partido Popular das Neves sobre as axudas recibidas polos incendios, Xosé Manuel Rodríguez Méndez quere deixar claro que asume, “persoalmente, coma alcalde de As Neves”, todas e cada unha das xestións impulsadas para paliar os danos causados polo lume.

O alcalde subliña que “cada céntimo recibido para axudar aos veciños das Neves que sufriron danos polos incendios está fiscalizado polo Concello e, por suposto a disposición dos cidadáns e dos medios de comunicación aos que lles facilitamos as contas pormenorizadas”.

Rodríguez Méndez denuncia e rexeita a actitude “miserenta” dos dirixentes locais do PP: “menten e saben que menten” e o fan a dúas semanas dunhas Eleccións Municipais coa única finalidade ruín de rabuñar algún voto.

Proba desta intención, salienta Xosé Manuel Rodríguez, é que “a conta da que falan os dirixentes do Partido Popular está aberta dende 2017, é pública e tiveron a ocasión de estudala, analizala e pedir todas as explicacións e aclaracións que estimasen, e nestes case dous anos non o fixeron”.

Os responsábeis do Partido Popular das Neves non pestanean, sen ter en conta nin a quen representan, e pensando so nos seus intereses electorais, en causar dano á reputación de veciños e veciños seus que traballaron desinteresadamente

e que, “de xeito solidario e desprendido, non dubidaron en socorrer a aqueles que o precisaron”.

O alcalde das Neves lembra que “nin durante nin despois dos incendios as veciñas e veciños tiveron a axuda ou coma mínimo a comprensión do Partido Popular local e dos seus responsábeis”.

“Como todos vimos entón, cando nos rodeaban as lapas, e xa pasado o fogo”, ningún deles colaborou, en ningunha circunstancia, en ningunha acción ou actividade que tivese coma finalidade paliar os efectos que o lume causou na vila e aos seus habitantes.

“Nin unha soa vez moveron un dedo ou amosaron, sequera, interese por asistir ou cooperar, nin para coller unha pa cando se plantaron máis de 10.000 árbores para repoboar os montes do concello”.

FELIX



REFORZO ESCOLAR-IDIOMAS-TÉCNICAS DE ESTUDO
PEDAGOGÍA TERAPÉUTICA-TALLERES INFANTÍS
FORMACIÓN PARA ADULTOS

TEMPOS MATRÍCULA GRATUITA
CENTRO DE ESTUDIOS

CLASES DE TODAS AS MATERIAS para alumnos de Infantil, Primaria, ESO e BACH

Reveriano Soutullo, 3 - T. 9
654 07 5751

Galicia

A Cañiza celebrou o Campionato Galego de Hip Hop con máis de 400 bailaríns

O domingo 5 de maio, A Cañiza recibiu a máis de 1000 visitantes de toda Galicia para celebrar o Campionato Galego de Hip Hop coa colaboración da Secretaría Xeral de Deportes da Xunta de Galicia, o Concello da Cañiza e outros establecementos locais.

Todo un éxito de participación e afluencia pública que encheu as instalacións do pavillón municipal. Repartíronse 1.500 € para os gañadores do I Open Nacional proba válida para o Ránking da Federación Española de baile Deportiva.

O Campionato contou coa

presenza de xuíces de gran prestixio nacional desde Madrid, Barcelona e Mallorca. A organización destaca o gran ambiente e camaradería de todas as escolas participantes. "En Galicia temos un bo nivel de danza urbana, temos moita sorte", afirma Raquel Rodríguez, organizadora do evento e responsable da especialidade de Hip hop urbano na FEBD en Galicia. O club local Muévete Dance Studio foi un dos grandes vencedores cando se proclamou campión galego nas categorías Infantil e youth cos grupos Rebel Kids e MVT, respectivamente, revalidando así o título obtido no 2018 en



ambas categorías. Tamén gañou a medalla de bronce na categoría Megacrew co grupo My Family. A adestradora dinos que: "Seguiremos traballando duro para deixar o pavillón moi alto no Campionato de

España que se celebrará en Xuño en Guadalajara".

Xa se está a traballar para organizar o evento o próximo ano, que ten como obxectivo superar a participación deste ano.

Marcha ciclista popular en Salvaterra

Como é costume nos últimos 31 anos en Salvaterra, o domingo 19 de maio, a ANPA A Lagoa, celebrará a XXXI edición da Marcha Ciclista Popular, por mor da celebración do día das Letras Galegas.

Case 19 kms. de percorrido pola nosa vila para gozar dunha xornada de amigos, familia, deporte e agasallos.

Tamén elebraremos unha Pequemarcha para os máis cativos da casa.

Andaina botánica polo río Tea en Salvaterra

Unha "andaina botánica" percorrerá as marxes do río Tea o domingo, 19 de maio, desde a ponte de O Cordeiro, en Alxén, ás 9.30 horas. A actividade organizada por Lazoiro estará guiada polo divulgador Carlos Venade. Os participantes poderán crear o seu herbolario e necesitarán levar un caderno. O prezo da actividade é 2 euros e gratis para menores de 18 anos. Inscripción: 639249005.

VI Torneo Escolar Ramiro Sabell de axedrez

O concello de Ponteareas e o Club Xadrez Ramiro Sabell presentaron o VI torneo escolar Ramiro Sabell que terá lugar o vindeiro 17 de maio no IES Val do Tea.

O evento, que puntuará para o XIV circuito galego de promoción, comezará ás 11 horas e nel veránse as caras os e as xadrecistas das categorías sub-8, sub-10, sub-12, sub-14 e absoluta.

O club adianta que o prazo



de inscrición, que xa está aberto, pecha as 20 horas do 16 de maio. Despois do éxito de participación da anterior edición, a organización decidiu

ampliar o número de inscrición a 250.

As e os interesados neste reto deberán inscribirse na seguinte ligazón <http://www.xadrezramirosabell.com>

[drezramirosabell.com](http://www.xadrezramirosabell.com)

Os cinco primeiros clasificados de cada categoría, agás da absoluta que serán para os tres primeiros, recibirán un trofeo e haberá recordos e sorteo de agasallos para todas e todos os xadrecistas.

O presidente do Club, Miguel Gallego Illán, agradece a colaboración do concello, da Federación Galega de Xadrez, dos centros educativos e das casas comerciais que fan posible este torneo.

<p>Seguros</p> <p>Servizos Ourense</p> <p>☎ 678 578 161</p> <p>988 044 834</p> <p>www.servizosourense.es</p>	<p>CARNICERÍA MARIVAN</p> <p>abierto los domingos</p> <p>C/Faustino Santalices - esquina Pablo Picasso - Ourense</p> <p>Tlf. 639 58 04 30</p>	<p>jba servicios inmobiliarios</p> <p>Francisco de Moure 22 Baixo, Ourense</p> <p>☎988 10 20 75 ☎629 83 67 48</p> <p>www.inmobiliariajba.com</p> <p>jba.couto@ymail.com</p>	<p>orixe</p> <p>PUBLICIDADE E COMUNICACIÓN</p> <p>988 60 70 75</p> <p>Diseño · Impresión · Retulación · Merchandising</p> <p>www.orixepublicidade.es</p> <p>Rúa Francisco de Moure 20 · Ourense</p>
---	--	--	---

O BNG presenta un programa electoral para a transformación en positivo do Porriño

Este programa é produto do coñecemento que ten o BNG das necesidades do noso concello e tamén é un programa participativo, xa que recolle moitas propostas que son resultado das reunións mantidas cos diferentes colectivos veciñais e sociais. Encontros que o BNG levou a cabo nos últimos meses para a elaboración das emendas presentadas aos orzamentos municipais. “Moitas destas iniciativas están recollidas no noso programa porque o actual goberno non as levou adiante.”

Como novidade o BNG presenta unha versión de lectura fácil para persoas con dificultade de comprensión lectora,



que foi supervisado pola Asociación ACEESCA. Tamén realizarán unha versión en braille.

Inclúe un total de 186 propostas que xiran en torno a sete eixos fundamentais: Un concello para vivir e traballar; Democracia participación e

transparencia; Concellos galegos e concellos en galego; Concellos para o benestar e unha vida digna; Concellos pola igualdade e contra o patriarcado; Servizos públicos e de calidade; Concellos ben xestionados.

Presentación da candidatura de Movemento Oia



O próximo venres 17 de maio ás 20:00 horas Movemento Oia presentará a súa candidatura no Centro Cultural de Pedornes, en Oia. O sábado 18 nas escolas de Loureza.

Encabezada polo concelleiro Xoán Lois Vila, a lista conta nos primeiros lugares coa presenza de María Andura Giraldez, Oscar Suarez Alvarez, Loreto Dorado Silva, Jose Mi-

guel Sanchez, Ana Rodriguez Gonzalez. No acto tamén se dará a coñecer os principais obxectivos que conformarán o programa político que esta agrupación presentará nas vindeiras eleccións municipais de maio, e o traballo realizado estes anos no Concello.

Movemento Oia é unha asociación que nace do movemento 15-M que se integra nas mareas municipais.



O 26 de maio **VOTA** polo cambio
agorapontearreas.com

Calis presenta equipo e programa para a súa reelección como alcalde de Mondariz

Presentamos aquí as liñas básicas do programa e a candidatura de Alternativa por Mondariz, unha lista, encabezada por Xoán Carlos Montes Bugarín, "Calis", formada por mulleres e homes cunha media de idade de 38 anos e con experiencia na xestión municipal e no asociacionismo: comunidades de montes, asociación de nais e pais de alumnos, etc... Somos un conxunto de 11 titulares e 10 suplentes ocupados profesionalmente como comerciantes, asalariados, funcionarios, autónomos, etc. A nosa lista é representativa desde o punto de vista social e territorial da realidade de Mondariz.

A nosa candidatura representa outra maneira de facer política, da xente e para a

xente: con contas claras e transparencia, sen posibilidade de acomodarse nos cargos e blindarse de privilexios, mantendo sempre o diálogo aberto cos veciños e veciñas. Por iso os nosos principios programáticos son os do ben común:

1.- Promoción do emprego, con cursos de formación para persoas desempregadas e creación dun viveiro de empresas para asentar poboación e fomentar o emprendemento.

2.- Recuperación da escola de Valiño en Vilasobroso, coa colaboración da entidade local menor.

3.- Aposta pola transparencia e publicidade (convocatorias de emprego, axudas, subvencións, salario do alcalde, etc...) para promover a igualdade de oportunidades, tal e



como se fixo ao longo dos últimos catro anos.

4.- Trato respectuoso e igualitario a todos os veciños e veciñas, con independencia da opción política que elixiran co seu voto.

5.- Compromiso de respectar a legalidade e seguir tratando a todas as parroquias por igual:

saneamento, coidado de estradas, abastecemento de auga, transporte público, locais sociais, etc...

6.- Promoción do asociacionismo deportivo, veciñal e cultural e fomento da participación veciñal.

7.- Apoio incondicional ao comercio local, ás empresas e

aos produtores e produtoras de Mondariz: auga, horta, mel, viño, carne, froitas, etc...

8.- Defensa contundente dos servizos públicos (saúde, educación, servizos sociais) contra a política de privatizacións e recortes que nos deixaron sen servizo de pediatría.

VOTA



alternativa
ciudadana
de Ponteareas

Juan Carlos
González Carrera
Candidato a Alcalde de Ponteareas



ALTERNATIVA CIUDADANA DE PONTEAREAS
CONFIANZA · FUTURO · COMPROMISO · TRABAJO · ILUSIÓN